

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 10 DE OUTUBRO DE 2014,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Begonte.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Begonte.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Lourenzá.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Lourenzá.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei do solo de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) a contratación da "subministración de área para o funcionamento dos leitos das caldeiras da planta termoeléctrica do Complexo Medioambiental de Cerceda" (NC0013/2014), por un importe total de seis millóns trinta mil seiscentos corenta euros (6.030.640,00 euros).

Acordo polo que se aproba definitivamente o Plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia.



## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do Parque eólico singular de Mondoñedo nos Concellos de Mondoñedo e Abadín e promovido polo concello de Mondoñedo (002-PES).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto para a contratación correspondente á adquisición de equipamento electromédico vinculado a obra con destino ao novo hospital de Vigo, cofinanciada pola Unión Europea nun 80% no marco do programa operativo de Galicia FEDER 2014-2010, eixo 9, prioridade de investimento 9.7 e obxectivo específico 9.7.1, por un importe de cinco millóns douscentos setenta e tres mil trescentos noventa e nove euros con noventa e oito céntimos (5.273.399,98 euros).

## **MOCIÓNS E PROPOSTAS**

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Declaracións institucional da Xunta de Galicia con motivo do Día Mundial da Saúde Mental.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a ampliación de crédito para a convocatoria Conecta Pemes 2014 e a súa adxudicación a 20 proxectos da lista de suplentes.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESCUDOS E BANDEIRAS DOS CONCELLOS LUCENSES DE BEGONTE E LOURENZÁ**

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos cales se establece a conformación oficial dos escudos e as bandeiras dos concellos de Begonte e Lourenzá, ambos na provincia de Lugo.


O escudo de Begonte é de cor prata (branco) e no centro presenta unha vieira de ouro (amarelo) acompañada de cinco torres de goles (vermello), dous nos flancos e tres na punta. Sobre a venera hai unha faixa alzada, xadrezada en catro ordes de ouro e goles e cargada dun cinxidoiro de ouro. Ao timbre, coroa real pechada.

A bandeira é sobre pano branco e ao terzo da asta reproduce en vertical a franxa xadrezada en catro ordes de ouro e goles e cinxidoiro dourado. Cara ao batente aparece a vieira dourada rodeada das cinco torres de goles.


Pola súa banda, o escudo do Concello de Lourenzá é de sinople (verde), cun báculo con veo abacial -todo ao natural-, resaltado de dúas espigas de ouro dispostas en haspa e flanqueado no xefe por dúas veneras de prata. Como no caso anterior, o escudo presenta unha coroa real pechada ao timbre.

A bandeira tamén é en pano verde, co báculo e veo abacial resaltados por dúas espigas amarelas dispostas en haspa e flanqueado no alto por dúas vieiras brancas. Ao batente, terzado de amarelo.

### **ESCUDO E BANDEIRA DE BEGONTE**



## ESCUDO E BANDEIRA DE LOURENZÁ



## **A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DA NOVA LEI DO SOLO, CONCIBIDA PARA RECUPERAR E PROTEXER A PAISAXE GALEGA E GARANTIR A MELLOR XESTIÓN DO URBANISMO MUNICIPAL**

- ***O Goberno galego dá un paso máis na súa aposta decidida pola ordenación e protección do territorio que se plasmou xa nas primeiras directrices de ordenación do territorio e no primeiro plan de ordenación do litoral***
- ***O anteproxecto de lei busca dotar todos os concellos de instrumentos precisos para garantir un territorio harmónico e para planificar con criterio e garantías o seu desenvolvemento futuro***
- ***O texto sitúa no primeiro plano a protección da paisaxe e recolle determinacións precisas para que as edificacións se teñan que adaptar á contorna e non ao contrario***
- ***Nos lugares de paisaxe aberta ou natural non se permitirán construcións que limiten o campo visual; establécese a obriga de empregar formas e materiais acordes coas edificacións da contorna ou a que as cores das construcións sexan as tradicionais***
- ***O anteproxecto impulsa a erradicación do 'feísmo' e contén medidas específicas nese sentido, como o deber de rematar o exterior das actuacións ou o fomento da rehabilitación dos núcleos históricos***
- ***A norma quere ser unha ferramenta de dinamización do medio rural e aposta polas obras de conservación e rehabilitación das edificacións existentes fronte á nova construción, ao mesmo tempo que autoriza novos supostos de obras en solo rústico sempre que se trate de actuar sobre construcións existentes***
- ***O texto fai un grande esforzo na redución de cargas administrativas e implanta o "informe único", que suporá reducir o tempo medio de redacción de planeamentos urbanísticos dos 6 anos actuais a tan só 3***
- ***A Xunta espera acadar o máximo consenso na tramitación da nova Lei do solo, unha vontade que xa se plasmou na creación dunha comisión parlamentaria sobre a norma e no traballo realizado con 30 expertos elixidos por proposta dos distintos grupos parlamentarios***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao anteproxecto de lei do solo de Galicia, elaborado co obxectivo protexer e recuperar a paisaxe e de facer do urbanismo municipal unha peza básica na construción dun territorio sustentable, que siga a ser motivo de orgullo e sinal de identidade da Comunidade. O anteproxecto de lei inicia así a súa tramitación lexislativa e o vindeiro luns comezará a súa fase de participación pública, durante a cal poderá ser consultada na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, [www.cmati.xunta.es](http://www.cmati.xunta.es).

O impulso desta lei enmárcase na decidida aposta do Goberno galego pola protección e ordenación do seu territorio e da súa paisaxe, iniciada xa na pasada lexislatura e plasmada na aprobación das primeiras directrices de ordenación do territorio e do



primeiro plan de ordenación do litoral. Estes instrumentos básicos permitiron dotar a Comunidade dun marco de referencia para o seu desenvolvemento, que está a ser complementados coas primeiras directrices da paisaxe de Galicia.

A Xunta de Galicia considera necesario avanzar na concreción dun marco normativo estable, na procura de que cada concello conte cos instrumentos precisos para garantir un territorio harmónico, coherente coa súa evolución histórica e que permita planificar con criterio e garantías o seu desenvolvemento futuro.

Con ese horizonte, o Goberno galego iniciou a elaboración da nova Lei do solo, a través dunha reforma normativa global, e contando cos concellos, cos grupos políticos, cos axentes implicados e co conxunto da cidadanía, desde o convencemento de que o urbanismo é unha tarefa colectiva na cal todos debemos asumir responsabilidades.

O anteproxecto de lei do solo nace coa vocación de crear un marco legal estable e que perdure no tempo, presentándose como unha norma práctica, concreta e clara; comprensible para todos os cidadáns; e como un medio que facilite aos concellos o exercicio das súas competencias en materia urbanística. Por ese motivo, ese borrador foi redactado polos técnicos da Xunta de Galicia que traballan directamente coas administracións locais e cos seus equipos de redacción urbanística e que, en consecuencia, coñecen con detalle as súas necesidades.

Cabe sinalar que quedaron 174 artigos, posto que a normativa actual, é dicir, a LOUG, ten un total de 237, polo que a redución do articulado é dun 25 por cento.

### **A paisaxe galega como un tesouro que debemos preservar**

O documento aprobado hoxe polo Consello sitúa no primeiro plano a protección da paisaxe como símbolo identitario de Galicia e un tesouro que debe ser preservado. Nese sentido, recolle determinacións precisas para que as instalacións e construcións teñan que se adaptar ao seu contorno e non ao revés. Así, establécese que os PXOM deberán especificar as actuacións necesarias para materializar esa protección que se concretan no anteproxecto de lei do solo e que son as seguintes:

- Nos lugares de paisaxe aberta ou natural non se permitirán construcións que limiten o campo visual.
- As construcións non poderán romper a harmonía da paisaxe
- A altura máxima das edificacións fixarase en función do largo das vías e espazos libres
- As cores das edificacións deberán ser as tradicionais
- As formas e os materiais serán acordes coa paisaxe e construcións da contorna
- Prohibiranse os tendidos aéreos



Ao mesmo tempo, o anteproxecto de lei ten por obxecto actuar con contundencia para erradicar o 'feísmo' da paisaxe galega, e contén medidas específicas nese sentido. Así, establécese o deber de rematar o exterior das actuacións (é dicir, que as fachadas, os medianís e as cubertas deberán estar rematadas), ao tempo que se potencia a rehabilitación, rexeneración e renovación dos núcleos históricos e se exige a conservación da edificación para garantir en todo momento a habitabilidade, a seguridade, a salubridade e o ornato público.

Xunto con isto, dótase a Administración de novos mecanismos para erradicar as edificacións inacabadas:

- Ditará aos propietarios ordes de execución de obras necesarias para o remate das construcións e o seu mantemento en condicións de salubridade.
- No caso de incumprimento acudirá á execución subsidiaria ou forzosa, mediante a imposición de multas coercitivas de 1.0000 e a 10.000 euros.
- E crearase un rexistro de soares que regulará os soares e as construcións en ruína sobre as cales as medidas de execución forzosa resultaron ineficientes. Esta medida, pioneira na lexislación galega, será obrigatoria nos concellos de máis de 50.000 habitantes e terá como finalidade a venda forzosa dos inmobles inscritos e a obriga dos adquirentes de iniciar ou continuar as obras de edificación ou rehabilitación.

### **Dinamización do rústico a través da rehabilitación**

A nova Lei do solo pretende ser, ademais, unha ferramenta de revitalización do medio rural, coa vista posta no solo rústico e no solo de núcleo rural, que representa o 93% do territorio da nosa Comunidade. Con ese obxectivo, facilitaranse as obras de conservación, restauración, rehabilitación ou reconstrución das edificacións existentes que sexan tradicionais ou de especial valor arquitectónico.

Así, a nova Lei do solo primará a rehabilitación do xa o existente fronte á nova construción, de xeito que impide clasificar novo solo urbanizable e ampliar os núcleos rurais cando xa existan outras edificacións en solo urbano ou núcleo delimitado que estean sen habitar e que sexan susceptibles de rehabilitación.

Ademais, en solo rústico, onde a lei en vigor impide novas construcións, agás as vinculadas á explotación racional dos recursos naturais ou as que non poidan ter outra localización (granxas, silos, cemiterios...), a nova norma autoriza novos supostos de obras en solo rústico, sempre que se trate de rehabilitación das edificacións anteriores a 1975.



Con estas medidas, a nova regulación urbanística autonómica actúa para evitar que se siga a ocupar o territorio e a aumentar a dispersión poboacional pero, ao mesmo tempo, promove a recuperación de construcións existentes para acabar coas construcións abandonadas no medio rural.

### **Axilidade na tramitación dos planeamentos**

De acordo co obxectivo de dotar os concellos de ferramentas de planeamento urbanístico, o texto elevado ao Consello da Xunta fai un grande esforzo na redución de cargas administrativas e en prol da axilización da tramitación dos PXOM.

Por unha parte, este texto acurta os prazos de tramitación coa introdución do informe único, que engloba todos os informes sectoriais. Deste xeito, conseguirase reducir o tempo medio de redacción de plans dos 6 anos actuais a 3 anos.

Por outra parte, créanse plans básicos, cunha tramitación e contido máis doados, e que serán o instrumento de planeamento dos concellos de menos de 5.000 habitantes que aínda non contén con ordenación urbanística a través dun instrumento de planeamento xeral.

Ademais, o texto elimina hiperregulacións facilitando que todos os concellos galegos contén cun documento de planeamento axeitado ás súas necesidades para achegarnos aínda máis ao obxectivo principal: “ningún concello sen plan urbanístico”.

O anteproxecto da lei presentado pon sobre a mesa máis ferramentas encamiñadas a acadar unha maior transparencia e participación na xestión urbanística. Así, créase a plataforma urbanística dixital de Galicia, que permitirá acceso universal pleno ao contido completo dos plans. Tamén se promove a participación activa do cidadán na tramitación e redacción dos planeamentos dende o inicio a través de diferentes procedementos de obrigado cumprimento.

### **Procura de consenso**

O Goberno galego inicia a tramitación legislativa da nova norma coa vontade de acadar o máximo consenso, unha aposta que xa se plasmou no traballo realizado no Parlamento de Galicia, nunha comisión creada para o efecto, como con 30 expertos elixidos por proposta dos distintos grupos parlamentarios.

Cómpre lembrar que o camiño para a consecución deste anteproxecto iniciábase a principios da pasada legislatura. Así, en outubro de 2009 un acordo unánime parlamentario instou o Goberno a impulsar un pacto do territorio co conxunto das forzas políticas no cal se incluían as modificacións precisas na Lei do solo.





En febreiro de 2010 os grupos parlamentarios asinaban o pacto polo territorio. En maio de 2012 o Goberno achega ao Parlamento, FEGAMP e colexios profesionais as bases para unha nova Lei do solo de Galicia, texto que recibiu o informe do Consello da Xunta hai un ano. En decembro deste ano enviouse ao Parlamento para servir de base nos traballos da Comisión non permanente para a elaboración dunha nova lei. En abril aprobouse un ditame por parte do Parlamento no que se recolleron as consideracións propostas polos partidos políticos.



## **SOGAMA LICITA POR MÁIS DE 6 MILLÓNS DE EUROS A SUBMINISTRACIÓN DE AREA DE SÍLICE NECESARIA PARA A CORRECTA OPERACIÓN DA PLANTA TERMOELÉCTRICA**

- *Trátase dun consumible esencial para os leitos das caldeiras da planta termoeléctrica, onde se leva a cabo a valorización enerxética da parte non reciclable dos residuos, se debe cumprir cunha serie de requisitos técnicos*
- *No caso de que o servizo non se adecue ás exixencias de Sogama, existen unha serie de penalizacións económicas, incluíndo a rescisión do contrato*
- *Cómpre lembrar que Sogama espera aforrar ata 15 millóns de euros co novo contrato de transporte de residuos, cuxa licitación ascende a un máximo de 154 millóns de euros para un período de 10 anos*
- *Este aforro é posible debido ao proxecto de acordo autorizado no Consello da Xunta do 20 de xuño polo que se fusionan os servizos de transporte por estrada e por ferrocarril nun só contrato, mobilizando os residuos urbanos dende as 37 plantas galegas de transferencia ata as instalacións de Cerceda*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a Sogama para a licitación, por un importe de máis de 6 millóns de euros (IVA incluído), da subministración de area de sílice, consumible necesario para o funcionamento dos leitos das caldeiras da súa planta termoeléctrica, situada no Complexo Medioambiental de Cerceda, e onde se leva a cabo a valorización enerxética da parte non reciclable dos residuos.

O contrato, estimado para tres anos, establece unha prórroga dun ano, así como outra excepcional por igual período. Isto é debido a que se trata dun material indispensable no proceso de tratamento do lixo convencional, polo que a interrupción desta subministración afectaría gravemente ao servizo público, básico e esencial, prestado pola empresa.

A area que se vai subministrar debe ser de sílice lavada, libre de arxilas e de materias orgánicas e contar cunha serie de compoñentes químicos que se moverán en determinados parámetros. Cun consumo anual estimado en 17.800 toneladas e diario de 45-55 toneladas, o ofertante debe ter capacidade para producir ao redor de 55 toneladas/día. Ademais, de forma puntual, debe dispoñer de capacidade para subministrar adicionalmente 120 toneladas no prazo máximo de 24 horas.

A area cobra protagonismo na última fase de tratamento do lixo convencional que a entidade leva a cabo no seu complexo industrial. Así, unha vez elaborado nunha fase previa o combustible derivado dos residuos non reciclables (CDR), este é sometido a un proceso de combustión con recuperación de enerxía en dúas caldeiras de leito fluído circulante, poñendo en contacto, a temperaturas superiores a 850°C, a area en fluidificación co CDR, facilitando desta forma unha combustión eficiente e homoxénea.



As elevadas temperaturas propician, pola súa vez, a eliminación de dioxinas e furanos, entrando en xogo un sistema de depuración de gases conformado por cal apagado, carbón activo e filtros de mangas, permitindo deste xeito que os niveis de emisión á atmosfera estean moi por baixo dos límites legais.

### **Penalizacións**

O contrato establece unha serie de penalizacións vinculadas aos prazos de entrega, que Sogama aplicará cunha sanción de 10.000 euros por cada hora que calquera das dúas caldeiras da termoeléctrica teñan que funcionar a gas debido á falta de area. Se isto se producira en máis de tres ocasións, a Sociedade poderá rescindir o contrato.

As penalizacións tamén se farán efectivas no caso de que a compañía, a través das analíticas realizadas, verifique que os consumos de area non se atopan dentro dos valores esperados ou ben que esta non cumpre coas características técnicas estipuladas. Neste caso, se a adxudicataria non solventa a deficiencia nun prazo de 48 horas, Sogama aplicará unha penalización do 5 por cento do importe facturado correspondente ao mes anterior a aquel en que se produciu o incumprimento, ata un 10 %.

### **Aforros económicos**

Esta licitación súmase á autorizada polo Consello da Xunta do pasado 20 de xuño para a contratación, por parte de Sogama, do servizo integral de transporte combinado (estrada e ferrocarril) de residuos urbanos dende as 37 plantas de transferencia distribuídas polo conxunto do territorio galego ata as súas instalacións centrais de Cerceda (A Coruña), onde os refugallos reciben tratamento a través da separación da parte reciclable.

Cómpre lembrar que Sogama espera aforrar ata 15 millóns de euros co novo contrato de transporte de residuos, cuxa licitación ascende a un máximo de 152 millóns de euros para un período de 10 anos.

Cun valor total de 152.580.327 euros, o importe anual máximo de licitación é un 4 % inferior ao aboado en 2013, aínda que a sociedade espera chegar a un aforro de arredor do 10 por cento respecto do que ata o de agora se viña gastando anualmente, grazas ás baixas que previsiblemente presentarán as ofertas.

O aforro será posible grazas a que no novo prego de licitación se fusionan os servizos de transporte por estrada e por ferrocarril nun só contrato, xa que ata o de agora eran prestados por empresas diferentes. Este novo criterio, o de fusionar ambos os modos de transporte nun só xestor, permitirá evitar ineficiencias e duplicar recursos, abaratando deste xeito o custo dos servizos



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN SECTORIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DE OURENSE E A SÚA ÁREA DE INFLUENCIA**

- ***O sistema proposto permitirá mellorar a mobilidade na cidade de Ourense e na súa contorna retirando parte do tráfico do centro da cidade, e optimizará a accesibilidade ás áreas industriais***
- ***O plan prevé 41 actuacións, competencia tanto da Xunta como do Estado e doutras administracións e que suporán un investimento superior a 169 millóns de euros***
- ***Recóllense, ademais, outras iniciativas de seguridade viaria, integración ambiental ou rehabilitación do patrimonio cultural, de xeito que o custo total das actuacións se eleva ata 194 millóns de euros***
- ***Os concellos nos que se desenvolverán as actuacións son: Ourense, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Paderne de Allariz, Taboadela, Barbadás, Toén, Coles, Amoeiro e Punxín, o que supón beneficiar unha poboación de máis de 140.000 habitantes***

O Consello da Xunta celebrado esta mañá aprobou definitivamente o Plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia, un instrumento de planificación que permitirá mellorar a mobilidade no núcleo e na súa contorna, ademais da accesibilidade ás áreas industriais. Estes documentos, creados pola Lei 10/1995, teñen por obxecto regular a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal en que se encontren, ou que se asentem sobre varios termos.

Este plan, promovido pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), é un documento de planificación que servirá de base para o desenvolvemento de novas infraestruturas ou a conservación das xa existentes, achegando á administración competente un coñecemento preciso das actuacións necesarias para un mellor funcionamento da rede no seu conxunto, así como das dotacións precisas para a súa correcta execución.

O plan establece 41 actuacións, competencia tanto da Xunta coma do Estado e doutras administracións. A estimación do seu custo ascende a 169 millóns de euros: 162,2 millóns para execución de novas infraestruturas, acondicionamento e melloras na rede; e uns 7 millóns para mellorar vías como paso previo ao seu cambio de titularidade a favor doutra administración. Ademais, o plan prevé outros programas complementarios para actuacións non particularizadas de seguridade viaria, integración ambiental ou rehabilitación do patrimonio cultural, de xeito que o custo total das actuacións planificadas ascende a 194 millóns de euros.



As actuacións consistirán na creación de novas estradas e conexións e o acondicionamento e mellora da rede existente, atendendo ás necesidades detectadas ou para a transferencia da súa titularidade. Entre as propostas recollidas no plan poden destacarse:

- a) Rede de circunvalación. Creación de dous aneis de circunvalación polo leste, que permitan a organización do tráfico sen a necesidade de transitar polo núcleo urbano de Ourense. Un interior (circunvalación leste), moi próximo ao núcleo urbano, desde a N-525 ata a N-120, pasando pola recentemente executada OU-510 entre este Bemposta e Rairo; e outro exterior (denominado rolda leste), que permitirá resolver os accesos ás grandes zonas industriais do ámbito, dando continuidade á nova autovía AG-31 mediante unha nova vía que rodeará o polígono industrial San Cibrao.
- b) Rede de articulación. A rede de circunvalación proposta complementábase con actuacións que melloran a articulación do territorio, tales coma a ampliación da rolda bulevar, a conexión da N-120 coa AG-53 cun semienlace no contorno de Santa Cruz de Arrabaldo, novas conexións do polígono de San Cibrao ou a execución dunha variante da estrada OU-536, que facilite as conexións cara a Trives.
- c) Actuacións de mellora en estradas existentes, co fin de aumentar a súa seguridade viaria e dotalas de suficiente capacidade.
- d) Realízase unha proposta de transferencias entre administracións, tendo en conta as competencias de cada organismo coa finalidade de acadar a mellor xestión posible da rede viaria.

### **Obxectivos do plan**


O plan sectorial ten como finalidade mellorar as comunicacións nos concellos de Ourense e da súa contorna metropolitana a través dunhas infraestruturas viarias de calidade que permitan aos cidadáns desprazarse con comodidade e seguridade, así mesmo, prevé o desenvolvemento de 41 actuacións coa fin de acadar mellores interconexións coas principais vías de comunicación existentes, configurando un sistema de transporte na área metropolitana eficaz, equilibrado, consensuado, estable e sustentable.

Para cumprir estes obxectivos, as accións propostas baséanse na adecuación funcional da rede de estradas para facilitar a mobilidade, mediante a mellora global da rede de estradas coa creación de itinerarios alternativos aos grandes eixes viarios do ámbito e o reforzo da accesibilidade ás zonas máis periféricas; ademais da mellora da seguridade definindo actuacións preventivas en todos aqueles tramos con perigosidade potencial.



Os concellos en que se desenvolven as actuacións previstas neste plan son: Ourense, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Paderne de Allariz, Taboadela, Barbadás, Toén, Coles, Amoeiro e Punxín, o que implica unha poboación beneficiada de máis de 140.000 habitantes.

No seguinte plano pódese observar a planta xeral das actuacións na rede viaria:



## **A XUNTA AUTORIZA O PARQUE EÓLICO SINGULAR DE MONDOÑEDO, QUE PERMITIRÁ UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 3,5 MILLÓNS**

- ***A infraestrutura contará con dous aeroxeradores cunha potencia total de 3 MW e capacidade para acadar as 3.200 horas de vento anuais***
- ***Estímase que a produción de enerxía anual será de 9.600 MWh, o equivalente ao consumo anual de máis de 2.200 familias galegas***
- ***O parque singular suporá unha nova fonte de financiamento para o concello de Mondoñedo a través dos ingresos que se percibirán pola venda da enerxía excedente producida ou pola concesión da explotación a un terceiro***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o parque eólico singular de Mondoñedo, que permitirá un investimento de preto 3,5 millóns de euros neste concello lucense, contribuíndo á mellora da súa situación económica.

Deste xeito, o Goberno galego segue a traballar en prol do desenvolvemento das enerxías máis limpas, así como na redución de fontes contaminantes e da dependencia do exterior, neste caso co impulso dun proxecto que redundará en beneficio do municipio. Non en van o parque suporá unha nova fonte de financiamento para Mondoñedo, xa sexa a través dos ingresos a percibir pola venda da enerxía excedente producida ou ben pola concesión da explotación a un terceiro.

A infraestrutura contará con dous aeroxeradores cunha potencia total de 3 MW e capacidade para acadar as 3.200 horas de vento anuais, cando a media española é de preto de 2.500. Ademais, estímase que a súa produción de enerxía anual será de 9.600 MWh, o equivalente ao consumo anual de máis de 2.200 familias galegas.

Neste contexto, cómpre salientar que Galicia suma 29,75 MW autorizados e 40,3 MW en funcionamento en parques eólicos singulares, unhas infraestruturas que contribúen a financiar e favorecer as necesidades dos concellos galegos a través dunha aposta decidida polo desenvolvemento da enerxía eólica.

Así mesmo, e dentro da súa estratexia eólica, a Xunta ten moi en conta os concellos, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa 114 millóns de euros destinados a sufragar actuacións que revistan natureza produtiva e xeradora de emprego nos municipios galegos.



## **A XUNTA INICIA A DOTACIÓN DO NOVO HOSPITAL DE VIGO**

- ***O Consello autorizou hoxe o primeiro expediente para a contratación de equipamento electromédico por máis de 5 millóns de euros***
- ***Permitirá abordar intervencións cirúrxicas máis complexas, menos invasivas para o paciente, cunha recuperación máis doada e incrementando a seguridade diagnóstica***

A Xunta iniciou hoxe a dotación do novo hospital de Vigo coa autorización do primeiro expediente para a contratación do equipamento electromédico por un importe de máis de 5 millóns de euros.

Neste expediente, composto por 9 lotes, inclúese o equipamento de anatomía patolóxica; columnas de cirurxía e endoscopia; cabeceiros suspendidos e de altas prestacións; lámpadas cirúrxicas; quirófano integrado e torres de endoscopia; equipamento de robotización de farmacia; unidade automatizada de dispensación de medicamentos; e cabina de fluxo laminar.

Este equipamento, que deberá instalarse durante a última fase das obras do hospital, é da máis avanzada tecnoloxía, e destaca a incorporación de dous quirófanos integrados con tecnoloxía 3D, que permitirán abordar intervencións cirúrxicas máis complexas, menos invasivas para o paciente, cunha recuperación máis doada e incrementando a seguridade diagnóstica.

Así, contribúese a un incremento da calidade do sistema sanitario público galego, poñendo á disposición dos profesionais a tecnoloxía máis avanzada, coas novas prestacións e novas posibilidades terapéuticas e de diagnóstico, e fornecendo unha maior seguridade no seu manexo.

Nos próximos meses irase licitando o resto de equipamentos ata completar a dotación, como paso previo a posta en marcha desta importante infraestrutura sanitaria.





## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL NO DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2014**

Este 10 de outubro celébrase o día mundial da saúde mental, para o cal a Organización Mundial da Saúde escolleu o lema *Vivindo coa esquizofrenia*.

Calquera persoa pode padecer unha enfermidade mental. As enfermidades mentais xorden da combinación de factores xenéticos e ambientais, do mesmo xeito que o resto das patoloxías médicas, e é unha responsabilidade social actuar sobre os factores modificables promovendo hábitos de vida saudables.

A esquizofrenia é unha enfermidade mental grave con repercusión no pensamento, a percepción, as emocións e a conduta, e é probablemente o trastorno mental con maior repercusión na funcionalidade do individuo e que máis discapacidade xera. Esta enfermidade afecta actualmente máis de 27.000 persoas en Galicia.

A persoa que padece esquizofrenia non é diferente da persoa que padece diabetes, hipertensión arterial ou enfermidade pulmonar obstrutiva crónica, nin por padecer esta enfermidade é máis violenta que a persoa sen esquizofrenia.

Un tema pendente na nosa sociedade é acabar co estigma social das persoas con enfermidade mental, sobre todo con enfermidades mentais graves, como a esquizofrenia.

Temos que desterrar mitos que perduran demasiado tempo e que frecuentemente perviven debido ao descoñecemento. En definitiva, cambiar a perspectiva que a sociedade ten cara á enfermidade mental.

É preciso un tratamento informativo rigoroso e xusto da enfermidade mental desde os medios de comunicación, que poden ser auténticos facilitadores na loita contra o estigma.

Desde a Xunta de Galicia traballamos para conseguir a plena integración da saúde mental na asistencia sanitaria desenvolvendo dispositivos nos hospitais xerais e na comunidade, xunto ao resto de dispositivos sanitarios e en condicións de equidade e accesibilidade respecto ao resto de especialidades médicas.

Igualmente, temos que velar para que desde o ámbito educativo tamén se contribúa a esta integración, de maneira que os nosos nenos e nenas e adolescentes crezan coñecendo a realidade da enfermidade mental.



Todos debemos traballar para conseguir unha completa integración social e laboral das persoas con enfermidade mental, que no momento actual constitúen un dos colectivos de maior vulnerabilidade.

Neste día dende a Xunta de Galicia queremos recordar que a saúde mental é unha das nosas prioridades na cal todos os sectores da sociedade galega debemos sentirnos implicados.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2014



## **245 PEMES GALEGAS MOBILIZAN 46 MILLÓNS DE EUROS EN PROXECTOS INNOVADORES NO MARCO DO CONECTA PEMES**

- ***A Consellería de Economía e Industria, ante a demanda e o interese amosado polo tecido empresarial, amplía en máis de 8 millóns a segunda convocatoria deste programa***
- ***A través da colaboración das pemes cos centros tecnolóxicos impúlsanse proxectos en áreas como a saúde, a alimentación ou as TIC creáanse entre as dúas convocatorias, 638 empregos cualificados***
- ***Máis do 80% das empresas participantes na segunda convocatoria son pequenas, promovendo iniciativas en que participan 20 centros de investigación e coñecemento galegos***
- ***Trátase da primeira convocatoria dun programa resolto no marco da Estratexia de especialización intelixente de Galicia – RIS3, motivo polo cal os proxectos seleccionados responden de maneira específica ás súas prioridades***
- ***Entre o Conecta Pemes e o Feder-Innterconecta, a Xunta está a mobilizar máis de 250 millóns de euros en proxectos de colaboración cos centros tecnolóxicos e de investigación en que participan máis de 650 empresas galegas***

A Xunta de Galicia está a desenvolver unha estratexia de innovación aberta que, coa participación dos axentes do Sistema Galego de I+D+i, persegue impulsar a transferencia de resultados ao mercado para incrementar a competitividade do tecido produtivo. Neste sentido, ante o elevado interese e a demanda empresarial do programa Conecta Pemes, a Consellería de Economía e Industria informou hoxe ao Consello da Xunta dunha ampliación de máis de 8 millóns no orzamento da súa segunda convocatoria. En total, 245 pequenas e medianas empresas galegas están a participar en 60 proxectos innovadores que mobilizan 46 millóns de euros en Galicia.

Todos estes proxectos implican a colaboración de entre 3 e 6 empresas e a participación de, polo menos, un centro tecnolóxico ou de investigación, incrementando a capacidade científico-técnica do tecido empresarial galego en áreas estratéxicas ou de elevado potencial para Galicia.

Deste xeito, estanse a desenvolver iniciativas centradas en áreas como as da saúde, benestar e vida, a alimentación, a enerxía ou as TIC, e que se materializarán en tecnoloxías innovadoras con proxección comercial a nivel internacional, o que supón a creación de postos de traballo cualificados. Así, grazas ás dúas convocatorias do Conecta Pemes, Galicia suma 656 novos empregos cun alto grao de cualificación.

Neste contexto, cómpre salientar que a segunda convocatoria do Conecta Pemes configúrase como a primeira resolución dun programa no marco da Estratexia de



especialización intelixente de Galicia – RIS3, motivo polo cal os proxectos seleccionados responden de maneira específica ás súas prioridades.

Así, a mellora da competitividade industrial concentra o 55% das iniciativas, seguida pola modernización dos sectores agroalimentario, pesqueiro e forestal, co 15%. Entre as ditas iniciativas figuran o desenvolvemento dun sistema de xestión e control de bateas, o deseño de suxeitadores personalizados para casos de mastectomía, a creación dun equipo deshidratador de alimentos mediante enerxías renovables ou a posta en marcha dunha plataforma de asistencia a traballadores móbiles.

Así mesmo, das empresas que resultaron beneficiarias desta convocatoria, máis do 80% son pequenas e o 19% restante son medianas. Os organismos públicos contratados por estas pemes para xerar coñecemento transformado en innovación no marco dos proxectos son grupos de investigación dun total de 20 centros de coñecemento e de investigación galegos.

O programa Conecta Pemes púxose en marcha de xeito pioneiro en Galicia en 2013 activando dúas convocatorias en só catro meses, en resposta ao elevado interese demostrado polas pequenas e medianas empresas galegas en contar con financiamento para levar a cabo proxectos de innovación en colaboración.

Esta actuación eleva a aposta da Xunta pola innovación en colaboración entre empresas coa axuda de centros tecnolóxicos e de investigación, que entre o programa Conecta Pemes e o Feder-Innterconecta se traduce na mobilización total de 250 millóns de euros, sumándolle ao investimento público a achega de máis de 650 empresas galegas beneficiarias.

